

CONSELLOS PREVENTIVOS XERAIS AO PÚBLICO EN FOGOS PIROTECNICOS

1. Os fogos artificiais e as celebracións van da man. Pero os fogos artificiais poden ser perigosos e ocasionar graves queimaduras e lesións nos ollos.
2. É convinte que acudas ao lugar do espectáculo coa antelación suficiente, cando menos 30 minutos antes.
3. Debes obedecer as instrucións do persoal de seguridade e a organización do evento, respectar as barreiras de seguridade e non achegarte ao lugar dende o que se están a lanzar os fogos. De feito, a mellor vista dos fogos artificiais é a 100 metros de distancia ou máis alá.
4. No caso de acudir con nenos/as pequenos/as (non leves nunca bebés con carriños ou similares, por propia seguridade), é convinte que chegues cedo para situalos/as xunto á barreira de seguridade.
5. En caso de sentirte mal (lipotimias, mareos, etc) ou sufrir algunha ferida durante o espectáculo, acude ao persoal de asistencia sanitaria que estará situado de forma estratéxica ao longo da barreira de seguridade.
6. Durante o disparo dos fogos artificiais é bastante frecuente, se estamos situados/as na dirección do vento, que caian restos de cinza. En caso de que se che introduzan nos ollos, enxáugaos con auga abundante e non os refregues.
7. Aínda que é pouco habitual que ocorra, se un compoñente do fogo artificial cae sen explotar preto de ti, non o toques nin o empures co pé, xa que se pode reactivar e estourar. Avisa inmediatamente ao persoal de seguridade do evento, sexa a policía, sexa o corpo de bombeiros. Nunca o manipules.
8. Deixa as mascotas na casa porque teñen o ouvido sumamente sensible ás explosións, que adoitan ser moi desagradables para eles, en especial para os cans.
9. Se os fogos están preto da túa casa:
 - Evita deixar roupa colgada ou obxectos cara ao exterior; ten en conta que os mesmos restos do material pirotécnico poden chegar a prender material combustible.
 - Non te achegues ás xanelas para velos; as mesmas ondas sonoras poden provocar a rotura de cristais.